



MICE PETÍS é a sección didáctica para centros escolares da MICE, a nosa Mostra Internacional de Cinema Etnográfico coa que pretendemos achegar historias de todo o mundo ao alumnado.

## QUE VOS OFRECEMOS?

- **SESIÓNS PRESENCIAIS**

Do 24 de febreiro ao 4 de marzo de 2026 no Museo teremos sesións presenciais para alumnado da ESO e de Bacharelato, organizadas en quendas por tramos escolares en horario de 11h a 14h.

Os filmes están seleccionados ao redor de dous eixos:

- 1.O Entroido, en relación coa exposición MASKS. "Ás e Vento" que vai estar no Museo durante o segundo trimestre e que nos permitirá coñecer máscaras pertencentes ás mascaradas de inverno de diversos lugares do mundo.
- 2.A fragmentación dos territorios e das vidas consecuencia de dous conflitos bélicos: a Guerra Civil e a ocupación Israelí de Palestina, conectando a reflexión sobre a memoria histórica coa realidade internacional contemporánea.

O prezo da actividade é de 1€ por alumna/o. Duración aproximada de 50 minutos.

As proxeccións contarán coa mediación de persoal do Museo.

Para solicitar acudir a estas sesións podedes escribir a [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)



## FILMES SELECCIONADOS PARA 1º, 2º e 3º da ESO



**Dores.** Coral Piñeiro. Galicia, 2023, 23'.  
Filme curto de non ficción en galego.

Dores responde a unha necesidade moi clara: loitar contra o esquecemento. Este documental producido pola asociación Memoria e Cinema, recolle as historias de catro persoas que, dunha forma ou outra, foron testemuñas ou recollen os testemuños das consecuencias da represión franquista en Galicia. Todas elas comparten un obxectivo común: aínda que as cicatrices da guerra civil seguen abertas e as consecuencias da ditadura franquista aínda seguen latentes hoxe en día, loitan para preservar a memoria histórica e gañar a partida ao esquecemento.

- Este documental ten a vosa disposición unha unidade didáctica que podedes solicitar no mesmo correo-e.



**Palestine Islands.** Nour Ben Salem - Julien Menanteau.  
Jordania-Francia, 2023, 22'.  
*Filme curto en árabe con subtítulos en galego.*

Maha é unha das últimas fillas da xeración de persoas refuxiadas palestinas no campo de Balata. Cando o seu avó cego enferma, ela ten un plan tolo: facerlle crer que é posible volver á súa terra.



## FILMES SELECCIONADO PARA 4ºESO e BACHARELATO



**Os corpos.** Eloy Domínguez Serén. Galicia, 2020, 11'.  
Curtometraxe documental sen diálogo.

Retrato do Entroido de Ourense. Folións, farrapadas, máscaras e estrondo de tambores, fílanse de modo envolvente neste documental que traslada a quen o ve ao interior da festa.

As multitudinarias escenas con aglomeracións de xente, adquiren un significado adicional ao saber que esta celebración tivo lugar a finais de febreiro, só dez días antes do primeiro caso confirmado de Covid-19 en Galicia.



**Ningún Deus.** Mirian Opazo. Galicia, 2022. 18'  
Curta-ensaio en galego.

Realizada durante o Entroido de Laza, reflexiona sobre a identidade, a memoria e a máscara. A directora, Mirian Opazo, traballa desde unha perspectiva persoal/autobiográfica para explorar como a máscara do Entroido constrúe memorias colectivas.

